

# ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2/03/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

## ASISTENTES

### ALCALDE

José Marcote Suárez

### TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira  
Soledad Vilela Romero  
Teresa Fernández Martínez

### SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

## ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expedientes contratación Servizos.-
- 4º.- Adxudicación Contratos Menores.-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **12:00** horas do día **2/03/2018** reúnen-se no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

### 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 15 de Febreiro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

### 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

## OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

**A ELOY BOULLOSA DÍAZ, deste Termo Municipal, para proceder á Construción dun Hotel e garaxe para servizo do mesmo a emprazar nunha parcela sita na Rúa Alcalde Fernández, desta Vila, (Referencia Catastral 8506829MH7580N0001ST) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés e Modificado 3 do mesmo de data 19 de Febreiro de 2018 que consta no expediente; condicionada a que :**

**1) Antes de comenzo das obras deberá presentar Proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde.-**

**2) Cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.**

**3) O terreo de cesión obrigatoria mediante documento público correspóndese a unha superficie de Trece metros cadrados (13 m<sup>2</sup>) da parcela con Referencia catastral 8506817MH7580N0001MT e de Vinte metros cadrados (20 m<sup>2</sup>) da parcela con Referencia catastral 8506829MH7580N0001ST.-**

**4) Co fin de garantir a realización da urbanización e a conexión coas redes de servizos públicos será necesario a presentación dunha garantía en favor deste Concello mediante aval bancario ou metálico por un importe de Seis mil setecentos noventa e catro euros con trinta céntimos (6.794,30 € ), que será devolta o promotor unha vez que a obra de hotel e urbanización estean rematadas.**

**5) O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.**

**En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:**

- EXPEDIENTE : 14 / 2017**
- CONCESIÓN : Xunta de Goberno Local 2/03/2018**
- PROMOTOR: Eloy Boullosa Díaz**
- CONSTRUTOR: -----**
- DIRECTOR DE OBRA: -----**

- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: -----
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: -----
- USOS: -----

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as cantidades de Dez mil novecientos dezanove euros con trinta e dous céntimos (10.919,32 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, resultante da valoración efectuada polo Departamento de Urbanismo en base á aplicación do previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo e sobre un Presuposto de execución material de 496.332,72 €.

### COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de LUÍS BUJEIRO LOURIDO, deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 466 de 22/02/2018) para proceder á construción dun peche de pedra de altura 1,5 metros cara o camiño de entrada a Buxán (retranqueando 4,00 metros ao eixe da vía), reconstrución de muro tradicional de pedra de 1,5 metros de altura cara o camiño do lavadoiro e reconstrución dunha edificación tradicional para destinala a garaxe nunha superficie de 30 metros cadrados aberto por dous lados seguindo a inclinación da edificación que estaba apegada e que se cubrirá con tella do país, emprazada na mencionada localidade de residencia,

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JUAN IGNACIO MARIÑO LÓPEZ, desta Vila, (Rexistro de Entrada 436 de 20/02/2018) para proceder á reparación de gretas e pintado dun galpón existente en cor claro (Referencia Catastral 8315407MH7581N0001DX),

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

--Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **LEONCIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 353 de 80/02/2018) para proceder á reconstrución dun peche existente con pedra ata unha altura de 1,5 metros (Referencia Catastral 15038A503003710000DQ),

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Marzo de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **MANUEL JESÚS DOMÍNGUEZ BUITURÓN**, desta Vila, (Rexistro de Entrada 326 de 6/02/2018) para proceder ás obras de acondicionamento do chan existente coa colocación de losetas de pedra de 60x30 cm na terraza dun local (Referencia Catastral 8608503MH7580N0001YT),

**Resultando** que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da

propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de CÁNDIDO SUÁREZ SANTOS, desta Vila, (Rexistro de Entrada 264 de 30/01/2018) para proceder ás obras de substitución de fiestras por outras novas de pvc nunha (Referencia Catastral 8112603MH7581S0002PI),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 22 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de EURONET 360 FINANCE LIMITED SUCURSAL, con CIF W-8262682A e domicilio social na Rúa Cantabria, Edif. Amura, 2 Planta 2, Porta A1 de Alcobendas - Madrid, (Rexistro de Entrada 1895 de 23/06/2017) para proceder ás obras de colocación dun caixeiro automático e banderola publicitaria, nunha fiestra existente nunha edificación sita na Avenida da Coruña, 13 da Vila de Fisterra (Referencia Catastral 8610610MH7581S0001KU), debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Informe de data 22/02/2018 que consta no expediente e do que se dará traslado ó interesado.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

“Vista a Comunicación Previa presentada por parte de JOSEFA SANTOS DÍAZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada número 3.324 de 13/11/2018) para proceder á realización das obras que son necesarias co motivo da conexión do servizo de saneamento coa rede municipal que pasa pola

zona con destino a unha vivenda (Referencia Catastral 8219812MH7581N0001YX), debendo axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en Informe de data 9/02/2018 que consta no expediente e do que se dará traslado á interesada.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Febreiro de 2018, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que:

a.- Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras de conexión ao saneamento municipal (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de saneamento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b.- Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c.- Dende a arqueta sifónica dispoñeráse dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

**d.- A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte. Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/I de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15. Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.**

**e. - No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.**

**f.- O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.**

**g.-A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.**

**h.-As augas pluviais conectaranse á rede pública de recollida de augas pluviais.**

**l.-A interesada comunicarse coa empresa do servizo de saneamento, para que por esta efectúe a correspondente conexión á rede pública e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo por dita concesionaria.**

**Co fin de garantir a reposición do firme presentarse ante o Concello de Fisterra unha fianza por importe de douscentos euros (200,00 €) en metálico ou aval bancario.-**

**B) Visto o informe favorable emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación con**

data 28/02/2018 así como de Secretaria de data 27 de Xaneiro de 2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 8 de Marzo de 2012 a nome de ESTÉVEZ Y MEDÍN, S.L. CIF B-15896012 e domicilio social na Avenida da Anchoa, 49 deste Termo Municipal,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado polo Promotor co motivo da Construción dunha Edificación para a instalación de Centro Comercial con Catro Vivendas e Garaxes a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 8524404MH7582S0001MQ sita na citada rúa redactado polo Arquitecto Martín J. Ruiz Caparrós con data de visado 20 de Febreiro de 2017, Documentación Complementaria visada co número 1109125,7 de data 5/02/2018, Terceira complementaria de 1/02/2018 do mesmo Profesional que constan no expediente os cales deberá axustarse na súa totalidade ; condicionada a :

1) Cumprir todas as condicións sinaladas na licenza concedida.-

2) Co fin de garantir a urbanización do fronte da parcela ata a parte das calzadas pavimentadas en mezcla bituminosa a que da fronte a nova edificación, será necesario a presentación dunha garantía en favor desta Corporación mediante aval bancario ou metálico por un importe de Dez mil cento corenta e seis euros con cincuenta céntimos ( 10.146,50 € ) en base a aplicación da Ordenanza reguladora e tendo en conta o prezo establecido en bases de construción axustados ao mercado.-

Antes de levalas a cabo presentarase un Anexo de Obras ordinarias de urbanización realizado por Técnico competente que deberá ser aprobado por esta Corporación e coa Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Xunta de Galicia.-

3) A primeira ocupación da edificación, quedará condicionada á realización de dita urbanización obrigatoria establecida no Artigo 18.1 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

-- EXPEDIENTE : 32 / 2011

-- CONCESIÓN LICENZA URBANISTICA: Xunta de Goberno Local  
8/02/2012



- APROBACION PROXECTO EXECUCIÓN : 2/03/2018
- ORDENANZA DE APLICACIÓN : Ordenanza Edificación Semiintensiva (SI )
- PROMOTORA: Estevez Medín S.L.
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: Martín J. Ruiz Caparros, Colexiado 1478 .--
- DIRECTOR EXECUCIÓN OBRA : Ana Leo Fernández, Colexiada 1.340.-
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: SOTO + PB + 2 + BC.-
- USOS: Centro Comercial, vivendas e garaxes.-

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

4) Notificar este acordo á Empresa Promotora así como as partes interesadas no expediente, Rosa Canosa Nemiña e Rita Canosa Nemiña nos domicilios sinalados, para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.--

### 3º.- Expedientes contratación Servizos.-

A) Unha vez examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación dun Arquitecto/a para prestación de Servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación cun presuposto de licitación por importe de Trinta e un mil trescentos vinte e dous euros con noventa e oito céntimos ( 31.322,98 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Seis mil cincocentos setenta e sete euros con oitenta e tres céntimos ( 6.577,83 € ) por un periodo de Dous anos, en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares e Técnicas aprobado por esta Xunta na sesión celebrada o día 26 de novembro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 28 de data 12 de Febreiro de 2016.-

De conformidade o que prevé o Artigo 178.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Notificar este acordo ós seguintes Arquitectas/os capacitados/as para que dentro do prazo de Cinco días hábiles a contar do seguinte ó da recepción da invitación, presenten no Rexistro Xeral desta Corporación as ofertas en sobres pechados, que poderán ser lacrados ou precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente xunto coa documentación e requisitos esixidos na Cláusula 2.2 do Prego :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Carolina Cajide Barbeito	CULLEREDO (A CORUÑA)
Ana Belén Amado Pazos	FERROL (A CORUÑA)
Andrés Patiño Eiris	A CORUÑA

2) Dése traslado os licitadores de copia do Prego de Clausulas para o seu coñecemento e demais efectos.-

B) Rescindido o contrato de redacción do Plan Especial do Casco Histórico de Fisterra coa Empresa Consultora Galega S.L por expresa petición desta,

Resultando que dito Plan Especial xa foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal na sesión celebrada o día 2 de Abril de 2008,

Considerando a necesidade urxente de aprobar definitivamente o Plan e tendo en conta que a Subvención outorgada por parte da Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia segue vixente o día de data polo importe de Cincuenta e dous mil cincocentas oitenta e seis euros con vinte e tres céntimos para as fases de Remisión do Plan para Informe e para a súa aprobación definitiva,

Visto o Prego de Cláusulas administrativas particulares e de Prescripcóns Técnicas que rexen para o contrato de asistencia técnica coa finalidade antes referida e sen prexuízo das actuacións que sexan necesarias para a adaptación do Plan ás novas normativas urbanísticas e obtención dos informes procedentes antes da súa aprobación definitiva, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Iniciar expediente de contratación por procedemento negociado ao amparo do disposto nos Artigos 174 e 177.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de Novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público cun presuposto de licitación por importe de Sesenta mil euros (60.000,00 €) e Doce mil seiscentos euros (12.600,00 €) do Imposto sobre o Valor Engadido, cun prazo total de execución de Tres anos .-

2) De conformidade o que prevé o Artigo 178.1 do citado Real Decreto Legislativo, requirir as seguintes Empresas capacitadas para que dentro do prazo de Catro días hábiles a contar do seguinte ó da recepción da invitación, presenten no Rexistro Xeral desta Corporación as proposicións nos Sobre A (Oferta Económica ), Sobre B ( Documentación) e Sobre C ( Referencias Técnicas ) previstos nos Pregos que se toma de base para dita licitación asinando cada un dos licitadores así como a prevista no de Condicións Técnicas :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
AVANSIG S.L.L.	Edificio Citic (Campus El Viña) s/n 15071 A CORUÑA dtrillo@avansig.com
Carmen Bouza García	Avenida Concordia, 198, 3º C 15009 A CORUÑA abouza@gmail.com
Alfonso Botana S.L.	Edificio Citic (Campus El Viña) s/n 15071 A CORUÑA abotana@alfonsobotana.gal

3) Dése traslado os licitadores de copia do Prego de Clausulas para o seu coñecemento e demais efectos.-

4º.- Adjudicación Contratos Menores.-

### URBANIZACIÓN RÚA ATALAIÁ

Visto o Informe valorativo efectuado pola parte da Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación e recollido na reunión efectuada polo órgano encargado da negociación o día 28 de Febreiro de 2018 sobre as ofertas presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado da Obra denominada "Urbanización Rúa Atalaia - Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Oitenta e tres mil trinta e oito euros con setenta e tres céntimos (83.038,73 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, dentro do POS + ADICIONAL 1/2017, 1ª Fase da Excmá Diputación Provincial,

Resultando que publicado Anuncio no periódico " Diario de Bergantiños " de data 18 de Xaneiro de 2018 e Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, unha vez rematado presentarónse as seguintes proposicións :

EMPRESA	DENOMINACION
1	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA S.L.
2	BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L.

Considerando que todas as Empresas foron Aceptadas por reunir as condicións establecidas no Prego polo se rixe a contratación,

Visto o resultado das Referencias Técnicas:

### PUNTUACIONES PARCIAIS

<b>EMPRESAS</b>	<b>1</b>	<b>2</b>
<b><u>Programa de traballo</u></b> <b>(cláusula 15.2.A)</b>	<u>3,5</u>	<u>6,8</u>
<b><u>Actuación ambiental</u></b> <b>(cláusula 15.2.B)</b>	<u>4,1</u>	<u>5,5</u>
<b><u>Esquema do plan de seguridade e saúde (cláusula 15.2.D)</u></b>	<u>2,4</u>	<u>3</u>
<b><u>Porcentaxe de control externo de calidade</u></b> <b>(cláusula 15)</b>	<u>1</u>	<u>0</u>
<b><u>Puntuación total</u></b>	<b><u>11</u></b>	<b><u>15,3</u></b>

Unha vez procedido as ofertas económicas formuladas:

<b>EMPRESA</b>	<b>OFERTA</b>	<b>BAIXA</b>
1	<b>83.038,73 €</b>	<b>0,00 €</b>
2	<b>83.000,00</b>	<b>38,73 €</b>

#### **PUNTUACIÓN FINAL**

<b><u>EMPRESA</u></b>	<b><u>VALORACIÓN TÉCNICA</u></b>	<b><u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u></b>	<b><u>TOTAL</u></b>
1	<u>11</u>	<u>0</u>	<u>11</u>
2	<u>15,3</u>	<u>0,01</u>	<u>15,31</u>

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes e de conformidade ó previsto na Cláusula 15.4 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares, acorda Convidar ás Empresas admitidas para que nun prazo non superior a 48 horas contados a partir do recibo desta comunicación e a través de correo electrónico ou fax presenten en sobre pechado unha segunda oferta en relación cos aspectos de negociación previstos no Anexo V.II do Prego ( Oferta Económica e Porcentaxe de Control

Externo de Calidade ) que mellore a inicial ou ben se ratifiquen expresamente nas ofertas xa presentadas,

Esta ratificación que, en todo caso é obrigatoria, deberá facerse por escrito e polos cauces antes mencionados inda que no desexen melloralala, advertíndolle que no caso de non facelo así, as Empresas quedarían excluídas da licitación por preverse así no Prego.-

### EDIFICIO " O SEMAFORO "

Visto o expediente tramitado mediante Contrato Menor para levar a cabo a adxudicación das Obras denominadas " Sustitución Carpintería Exterior do Edificio "O Semáforo" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Trinta e cinco mil setecentos dous euros con trinta e dous céntimos (35.702,32 € ) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en virtude da nova Memoria Valorada redactada pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 15 de Febreiro de 2018.---

Resultando que para acceder a dita licitación foron requeridas proposicións as seguintes Empresas capacitadas :

DENOMINACIÓN
Carlos Liñeiro Martínez
Isidro Insua Nemiña y Otro S.B.
Filios de Andrés S.C.

Considerando que, presentándose as Empresas Carlos Liñeiro Martínez e Isidro Insua Nemiña y Otro S.B., a única aceptada por entrar dentro do prazo establecido e presentar a documentación solicitada foi a primeira delas, tal e como queda acreditado na Certificación expedida por parte da Secretaria da Corporación que consta no expediente .-

Que procedido á apertura da documentación e oferta económica formulada pola Empresa Carlos Liñeiro Martinez, ésta ofrece a cantidade de 35.702,32 €.--

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar dita Obra en favor da Empresa Carlos Liñeiro Martinez, con NIF 76.361.641 P e domicilio social na localidade de Vilastose, 35 do termo Municipal de Muxia (CP15124) nun importe total de Vinte e nove mil cincocentos seis euros con cinco céntimos ( 29.506,05 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Seis mil cento noventa e seis euros con vinte e sete céntimos ( 6.196,27 € ), todo elo de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro

polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.-Notificar dito acordo o adxudicatario e o licitador presentado para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

3.-Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

### PLAN ESTRATEXICO DE TURISMO FISTERRA

Visto o expediente tramitado mediante Contrato Menor para levar a cabo a adxudicación do servizo para redacción do documento " Plan Estratéxico de Turismo de Fisterra " cun presuposto de licitación que ascende a cantidade de Dezaaoito mil euros (18.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en virtude da Memoria redactada pola Alcaldía de data 12 de Febreiro de 2018.---

Resultando que para acceder a dita licitación foron requeridas proposicións as seguintes Empresas capacitadas :

DENOMINACIÓN
AYECONOMICS RESEARXCH CENTRE S.L.
PQLIAR CONSULTING S.L.
MÉNSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAI S.L.

Considerando que foron aceptadas todas as proposicións pola súa presentación dentro do prazo sinalado.-

Que examinadas todas as Memorias que veñen a cumprir coas directrices previstas na licitación e procedido á apertura das Ofertas económicas resulta o seguinte :

EMPRESA	OFERTA	BAIXA
PQLIAR CONSULTING S.L.	16.074,85 €	1.925,15 €
AYECONOMICS RESEARXCH CENTRE S.L.	18.000,00 €	0,00 €
MÉNSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAI S.L.	17.908,00 €	92,00 €

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar a prestación do Servizo antes mencionado en favor da Empresa PQLIAR CONSULTING S.L. con CIF B70053111 e domicilio social na Rúa Horreo, 106 Baixo de SANTIAGO DE COMPOSTELA (CP 1570 ) nun importe total de Trece mil douscentos oitenta e cinco euros ( 13.285,00 € ) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Dous mil setecentos oitenta e nove euros con oitenta e cinco céntimos ( 2.789,85 € ) que supón unha

**baixa de Mil novecentos vinte e cinco euros con quince céntimos (1.925,15 €) en relación co tipo de licitación sendo polo tanto a oferta mais ventaxosa, todo iso de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-**

**Dito Plan deberá ser presentado no Rexistro Xeral de Entrada desta Corporación no prazo máximo de Seis meses.-**

**2.-Notificar dito acordo o adxudicatario e os licitadores presentados para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.**

**3.-Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-**

#### **5º.- Asuntos varios.-**

**Una vez examinadas ás Bases reguladoras do Programa de Subvencións a Concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación durante o ano 2018 publicada pola Excma Diputación provincial no Boletín Oficial da Provincia número 26 de data 6 de Febreiro de 2018,**

**A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :**

**1) Aprobar a Memoria explicativa redactada ao efecto para levar a cabo a contratación de persoal técnico no Museo da Pesca de Fisterra cun gasto total de Once mil douscentos corenta e dous euros con corenta e oito céntimos (11.242,48 € ) en concepto de salarios e Cotas Empresa para a Seguridade Social durante o ano 2018 que consta no expediente , solicitando da Excma Diputación Provincial unha Subvención para dita finalidade nun importe do 100 % .-**

**2º.-Compromiso firme de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do desenvolvemento das actividais realice este Concello.**

**3º.-Que o Concello está ó corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación.-**

**4º.-Que SI se autoriza á Excma Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acrediten que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-**

**5º.-Remitir certificación deste acordo á Excma. Deputación Provincial xunto coa documentación sinalada na Claúsula 7ª da Convocatoria. -**

## **VENDA AMBULANTE LISTA DE ESPERA**

A) Visto o escrito presentado co número **523** (RE) de **27/2/2018** por **Houyam Rbibih Hriomou**, e domicilio en Arteixo (C.P.: 15.141), na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos textil e mercaderías.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos asistentes, **acorda**:

1º) **Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 89**, para adicarse á venda de produtos de textil e mercaderías.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## **VADOS PERMANENTES ALTA**

A) Visto o escrito presentado co número 1974 (RE) de 29/6/2015, por **Plácida Trillo Lizancos**, desta vila, no que solicita autorización para a instalación dun vado permanente de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 36 m<sup>2</sup>, que facilite a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación con referencia catastral número 8705501MH7580N0001AT.

Visto o informe favorable emitido pola arquitecta que presta servizos en materia urbanística, con data 27/2/2018, que consta no expediente, **a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda**:

1º **Conceder a Plácida Trillo Lizancos**, licenza para a instalación do vado permanente número **1/2018** (chapa número **125**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de 36 m<sup>2</sup>, coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe da edificación, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vado deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei



8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

- Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.
- Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.
- Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.
- Proceder a súa inclusión dentro do Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de via pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2018, cunha cota anual de **corenta e nove euros** (49,00 €).
- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.
- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.
- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar as placas de cada un dos vados e colocalas nas inmedacións do vado permanente.

**3º Tendo en conta que o acceso ao baixo do edificio no que se instalará o vado permanente vaise realizar a través de terreos que non son de competencia municipal e que a interesada conta coa preceptiva autorización do seu titular Ente Público "Portos de Galicia" de data 23/1/2018, este concello non se fará en ningún momento responsable de calquera obstrución que se poidera producir con motivo da entrada e saída de vehículos do devandito garaxe.**

4º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## ACTIVIDADES CLASIFICADAS APERTURAS

**A)** Visto o expediente iniciado co número 3217 (RE) de 3/11/2017 por **Rosa María Traba Castreje**, desta vila, mediante comunicación previa de inicio de actividade de **COMERCIO MENOR DE ARTIGOS DE MENAXE, FERRETERIA, ADORNO e de SALÓNS E INSTITUTOS DE BELEZA** que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable emitido pola arquitecta que presta servizos en materia urbanística o pasado 22/2/2018.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar completa a documentación presentada para o desenvolvemento das actividades de **COMERCIO MENOR DE ARTIGOS DE MENAXE, FERRETERIA, ADORNO e de SALONS E INSTITUTOS DE BELEZA** no baixo da edificación que se localiza na rúa Arasolis, desta vila, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Rosa María Traba Castreje, co preceptivo título habilitante.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

**B)** Visto o expediente iniciado co número 437 (RE) de 20/2/2018 por **Manuel Agulleiro Noya**, e domicilio social no soto da edificación da rúa Federico Avila, desta vila, mediante comunicación previa de inicio de actividade de **CAFE BAR** que se localiza no soto da edificación.

**CONSIDERANDO:** Que no expediente consta informe favorable emitido pola arquitecta que presta servizos en materia urbanística o pasado 21/2/2018.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Declarar completa a documentación presentada para o desenvolvemento das actividades de **CAFE BAR** no soto da edificación que se localiza na rúa Federico Avila, desta vila, e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Manuel Agulleiro Noya, co preceptivo título habilitante.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

## AXUDAS ECONÓMICAS

- Á vista da petición formulada, a Xunta de Goberno local por dous votos a favor e dous Abstencións dos Concelleiros do grupo BNG, acordan conceder a JUAN JOSE CANOSA SENLLE e JUAN JOSE CANOSA VIGO, veciños de Fisterra, como organizadores do Campeonato de Caza "San Huberto" ano 2018 , unha axuda económica polo importe de Seiscentos cincuenta euros (650,00 € ) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen con este motivo, debéndose facer en toda a publicidade a colaboración deste Concello e presentar, unha vez rematada Memoria das Actividades realizadas.---

- Vista a petición formulada por parte de Marta Pérez Escariz, quen, como Directora do Colexio Público "Mar de Fora" de Fisterra , solicita unha Axuda económica co motivo de levar a cabo a Excursión Fin do Curso a Madrid dos Alumnos de 5 º e 6º dese Colexio e do Colexio Público "Areouta" de Sardiñeiro.-

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda concederlle unha axuda polo importe Trescentos euros (300,00 €) para cada Colexio Público debendo presentarse Memoria xustificativa de gastos ante este Concello antes do día 31 de Decembro de 2018.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente , a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o gasto de Trescentos noventa e nove euros (399,00 €) para adquirir a D. S. L., veciña de Fisterra, unha Cociña coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a F. M. L. D., veciño de Fisterra, a Tarxeta de Estacionamento para Minusválidos con carácter definitivo tal e como se indica na resolución da Xunta sobre recoñecemento do grado de discapacidade por un periodo de Dez anos .-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a C. L. B., veciña de Fisterra, a Tarxeta de Estacionamento para Minusválidos con carácter definitivo tal e como se indica na resolución da Xunta sobre recoñecemento do grado de discapacidade, por un periodo de Dez anos.-

- Visto o Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais desta Corporación que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda Conceder a F. E. A. G., veciño de Fisterra, a Tarxeta de Estacionamento para Minusválidos con

**carácter definitivo tal e como se indica na resolución da Xunta sobre recoñecemento do grado de discapacidade por un periodo de Dez anos.-**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 13:45 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.